



# PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR

## IES SANTA IRENE



## ÍNDICE

<b>1. CONTEXTO</b>	<b>1</b>
1.1. XUSTIFICACIÓN	1
1.2. MARCO NORMATIVO	1
1.3. PERFIL DO ALUMNADO DO CENTRO	2
1.4. DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO	2
<b>2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR</b>	<b>3</b>
2.1. OBXECTIVOS XERAIS	3
2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	5
<b>3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO</b>	<b>5</b>
3.1. COMPOSICIÓN E ELECCIÓN DOS/AS SEUS/SÚAS MEMBROS	5
3.2. FUNCIONS E PLAN DE ACTUACIÓN	6
<b>4. NORMAS DE CONVIVENCIA</b>	<b>7</b>
4.1. MEDIDAS CORRECTORAS APROBADAS POLO CENTRO E PROTOCOLOS PARA A SÚA APLICACIÓN	7
4.1.1. Incumprimento das normas de convivencia	7
4.1.2. Criterios xerais para a aplicación das medidas de corrección	7
4.1.3. Sobre as alteracións da convivencia no centro	8
4.1.4. Sobre a gradación e reincidencia de condutas contrarias á convivencia	8
4.1.5. Sobre a xestión das condutas contrarias á convivencia	15
4.1.6. Sobre a responsabilidade individual e/ou colectiva	15
4.1.7. Sobre a prescripción das condutas contrarias á convivencia	15
4.1.8. Sobre a indumentaria do persoal do centro e do alumnado	16
4.1.9. Sobre a actitude pasiva	16
4.1.10. Sobre as fotografías e vídeos no centro	17
4.1.11. Sobre a prevención do acoso escolar	17
4.1.12. Sobre o coidado do material e das instalacións do centro	18
4.1.13. Sobre a prevención dos furtos	18
4.1.14. Sobre a seguridade e hixiene	19
4.1.15. Sobre o uso dos dispositivos electrónicos	20
4.2. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN	20
4.3. DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	21
<b>5. MEDIDAS PARA FOMENTAR A CONVIVENCIA POSITIVA</b>	<b>21</b>
5.1. ACTUACIÓN NO ÁMBITO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	21
5.2. ACTUACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS	22
5.3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA A ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS	22
5.4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO	23
5.4.1. Normativa	23
5.4.2. Protocolo do centro contra o acoso escolar e o ciberacoso	25
5.5. ACTUACIÓN PARA EVITAR E PREVER COMPORTAMENTOS SEXISTAS	26
5.6. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	26
5.6.1. Protocolo para derivar ao alumnado á Aula de Convivencia Inclusiva	26
5.7. EQUIPO DE MEDIACIÓN	27
<b>6. MEDIDAS PARA FOMENTAR O BENESTAR EMOCIONAL</b>	<b>29</b>
6.1. RECREOS INCLUSIVOS	29
6.2. RECUNCHO DO BENESTAR	30
6.3. ALUMNADO ACOMPAÑANTE	30
6.4. PUNTO LARANXA	31
6.5. ACTUACIÓN PARA MELLORAR A SAÚDE FÍSICA E MENTAL	31
6.6. ACTUACIÓN PARA FOMENTAR A SOCIALIZACIÓN E A AUTOESTIMA	31



6.7. ACTUACIÓNS PARA ACADAR UNHA ADECUADA COMPETENCIA DIXITAL .....	32
6.9. GUÍAS E PROTOCOLOS PARA GARANTIR O BENESTAR EMOCIONAL E UNHA ADECUADA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	33
6.10. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN DO ALUMNO POR GRUPOS .....	34
6.11. MELLORAS NA DISTRIBUCIÓN E DECORACIÓN DOS ESPAZOS.....	34
6.12. MEDIDAS PARA O COIDADADO E CONSERVACIÓN DO CENTRO .....	35
6.13. ESCOLA DE PAIS E NAIS.....	35
<b>7. COORDINADOR/A DE BENESTAR E CONVIVENCIA.....</b>	<b>36</b>
<b>8. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR .....</b>	<b>38</b>
<b>9. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN .....</b>	<b>39</b>
<b>10. ANEXOS .....</b>	<b>40</b>
10.1. INDICADORES PARA A AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR.....	40



## 1. CONTEXTO

### 1.1. Xustificación

Na *Orde do 23 de agosto*, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, na que se perfila a figura do coordinador/a de benestar e convivencia, descríbense os epígrafes que debe incluír e desenvolver o seu plan de traballo, que ademáis integrárase dentro do Plan de Convivencia do centro.

Paralelamente, nos artigos 11, 12 e 13 do *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*, polo que se desenvolve a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, explícase a estrutura e contidos do Plan de Convivencia.

Os epígrafes citados en ambos plans coinciden na súa maior parte, motivo polo que se decidiu consensuar ambos plans de traballo nun só documento, baixo o título de Plan de Convivencia e Benestar, agás no referido ás medidas propostas e ás actuacións desenvolvidas nos ámbitos da convivencia positiva e do benestar emocional, descritas respectivamente nos apartados 5 e 6 do presente documento.

En relación á necesidade de implementar un Plan de Convivencia e Benestar, cómpre destacar que na enquisa realizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional notouse unha mellora en xeral dos resultados de convivencia. De feito, pódese observar un relativo bo clima de convivencia no centro. Sen embargo, ao observar o traballo do profesorado na aula e, sobre todo, a labor de titores/a na ESO, pódense deducir aspectos que son preocupantes e susceptibles de mellora nos que cómpre seguir traballando.

### 1.2. Marco normativo

O Plan de convivencia e benestar do IES Santa Irene segue tanto as directrices da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional descritas na Estratexia Galega de Convivencia escolar 2025, como as orientacións sobre o Plan de Convivencia publicadas en [educonvives.gal](http://educonvives.gal).

As referencias normativas nas que se enmarca o Plan de Convivencia e Benestar son, fundamentalmente, a *Orde do 23 de agosto*, na que se establece a figura do coordinador de benestar e convivencia, a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* e o *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*, que desenvolve o réxime xurídico da *Lei 4/2011*, describindo as principais estratexias para garantir a convivencia positiva e o benestar emocional de todos os membros da comunidade educativa, abordando as medidas preventivas e a corrección das condutas contrarias á convivencia.

Asemade, o mencionado marco legal respeta e fai referencia á lexislación internacional e nacional en materia de convivencia.



### 1.3. Perfil do alumnado do centro

O IES Santa Irene está situado no centro neurálxico do barrio de As Travesas, na Praza de América, que é un espazo artellador e o punto de converxencia da cidade e das zonas de saída de Vigo. O alumnado procede case na súa totalidade desta contorna. O centro imparte ensinanzas de ESO e Bacharelato en horario diúrno e de ESA e Bacharelato en horario de adultos. As actividades lectivas comezan ás 08:30 h da mañá e rematan ás 22:30 horas da noite. A pesares de que non hai contacto entre o alumnado de diúrno e adultos, a diferenza de idades existentes entre o mesmo, cos seus diferentes intereses e motivacións, fan que os seus comportamentos, relacións e necesidades, sexan do máis variado e complexo. Datos de alumnado a outubro de 2024:

- Número total de alumnado: 720
- Alumnado de diúrno: 601
- Alumnado de adultos: 119

### 1.4. Diagnóstico previo da convivencia no centro

Actualmente o clima de convivencia é bastante bo, pois non se observan problemas demasiado graves, aínda que sempre é mellorable. De feito, os informes da derradeira Enquisa sobre Convivencia Escolar realizada no centro no curso 2022-2023 así o confirman. Destacan os seguintes datos pola súa relevancia:

- Entre os docentes, un 80% opina que si se cumpren as normas de convivencia, un 70% que si se coida o material e as instalacións e un 60% que só existen problemas de convivencia puntuais.
- Entre as familias un 85% está moi satisfeita co centro e entre o alumnado un 73%.

En relación ao tipo e número de implicados/as nas condutas contrarias á convivencia, débense sinalar as seguintes apreciacións:

- a) Os conflitos intentan resolverse fundamentalmente co diálogo e en ocasións con algunhas medidas correctoras e educativas, chegando só en casos puntuais a adoptar medidas correctoras máis severas.
- b) Os problemas de conduta máis frecuentes aparecen no 1º ciclo da ESO e fundamentalmente están relacionados coa obrigatoriedade da etapa nun alumnado pouco motivado. Por iso a conflictividade adoita ir desaparecendo nos cursos superiores.
- c) A conflictividade entre o alumnado está relacionada fundamentalmente con condutas que alteran o normal desenvolvemento das actividades lectivas, afectando negativamente ao clima de convivencia ou deteriorando materiais e recursos do centro.
- d) Destaca a relevancia que están a gañar as contornas dixitais como escenarios a onde se trasladan os conflitos.
- e) Asemade, engadir a conflictividade nas relacións entre compañeiros/as, o aumento de alumnado con necesidades educativas especiais, o aumento de problemas psicosociais



derivados da pandemia da COVID-19, os problemas emocionais no ámbito familiar e/ou o desarraigo do alumnado inmigrante.

Entre as condutas contrarias á convivencia específicas máis frecuentes, constátanse as seguintes:

- a) Condutas disruptivas na aula: falta de respecto cara ao/á profesor/a, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos/as compañeiros/as, etc.
- b) Distracción e falta de atención.
- c) Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- d) Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia á clase.
- e) Perda de respecto entre compañeiros/as.
- f) Cuestionar a autoridade do profesorado.
- g) Uso do móbil e das redes sociais no centro educativo.
- h) Acoso e ciberacoso.
- i) Discusións, insultos e mesmo pequenas pelexas en espazos comúns (patios, corredores e aseos).

Entre as causas posibles que provocan estes incidentes, e que se intentan evitar coas oportunas medidas preventivas e reeducadoras, destacan as seguintes:

- a) Entre o alumnado detéctase falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de estratexias para resolver os conflitos pacificamente ou ausencia dun referente de autoridade que lles transmita uns límites que non se deben sobrepasar.
- b) Nalgunhas familias atópase falta de colaboración ou implicación nos aspectos escolares e, mesmo en casos puntuais, pouca responsabilidade na evolución académica e emocional dos/as seus/súas fillos/as.
- c) Entre o profesorado nótase esgotamento polo exceso de traballo debido a titorías moi numerosas, ao aumento de alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), a falta de formación específica para resolver conflitos ou cursos de formación mal deseñados.

## 2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR

### 2.1. Obxectivos xerais

De acordo coas directrices descritas en *educonvives* e na normativa vixente, intentaranse acadar as seguintes actitudes positivas:



- a) Potenciar a participación e formación do alumnado como eixe central das actuacións do profesorado, favorecendo a súa madurez integral, a nivel cognitivo, persoal, social e emocional.
- b) Integrar nas competencias clave a creatividade, o pensamento crítico e a capacidade para tomar iniciativas.
- c) Mellorar e traballar de forma máis intensa na adquisición das competencias cidadá e persoal, social e de aprender a aprender.
- d) Romper o silencio cómplice que adoita establecerse en torno ás agresións e condutas disruptivas, aprendendo a denunciar situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
- e) Mellora do autocontrol, da autovaloración e da capacidade de autosuperación.
- f) Transmitir ao alumnado valores de cooperación por enriba da competición ou o individualismo para resolver problemas e como forma de traballo habitual.
- g) Conseguir que o alumnado coñeza os seus dereitos básicos e saiban defendelos, pero tamén os seus deberes e obrigas.
- h) Implementar programas interdisciplinares de innovación educativa que reforcen os principios da coeducación, dirixidos a crear unha cidadanía democrática, solidaria, tolerante, inclusiva e igualitaria.
- i) Interpretar o conflito como unha oportunidade para crecer persoal e socialmente, recurrido a medidas correctoras reeducadoras, constructivas e de sensibilización que lle proporcionen ao alumnado habilidades sociais.
- j) Ofrecer recursos e formación sobre saúde mental e intelixencia emocional, dirixidos a alcanzar o benestar e a convivencia pacífica de toda a comunidade educativa.
- k) Transmitir tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, orientación sexual, identidade de xénero, idade, relixión, cultura, raza, nacionalidade ou ideoloxía e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- l) Consolidar unha convivencia positiva que garanta os dereitos e a dignidade de todos/as, desde a equidade, facendo especial fincapié na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e na violencia de xénero.
- m) Loitar contra a violencia de xénero e a LGTBIfobia creando un espazo seguro que defenda os principios de diversidade e igualdade.
- n) Fomentar o uso responsable e crítico do mundo dixital, avanzando a carón das súas constantes innovacións tecnolóxicas e implicacións socioculturais, promovendo unha ciberconvivencia segura, ética e constructiva.
- o) Defender un desenvolvemento sostible desde unha perspectiva ecolóxica.
- p) Fomentar unha vida saúdable e unha alimentación adecuada.



## 2.2. Obxectivos específicos

- a) Impulsar talleres de formación en materia de convivencia, dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa.
- b) Impulsar accións conxuntas con outras institucións e organismos que redunden na mellora da convivencia escolar.
- c) Promover a implicación das familias tanto no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos/as como no seu crecemento persoal e afectivo a través do Consello Escolar, as titorías, e a Asociación de Nais e Pais de centro.
- d) Revisión periódica das Normas de Organización e Funcionamento do centro e do Plan de Convivencia e Benestar.
- e) Difundir e explicar aos/ás membros da comunidade educativa o Plan de Convivencia e Benestar e as funcións da Comisión de Convivencia.
- f) Potenciar o Plan de Acción Titorial como instrumento para desenvolver o Proxecto Educativo de Centro.
- g) Potenciar as titorías e a xunta de delegados/as como órganos para o análise da convivencia.
- h) Facer da aula de convivencia inclusiva un lugar para a reflexión, a resolución pacífica de conflitos e a recuperación da calma e o benestar persoal.
- i) Introducir a figura do/a mediador/a na resolución pacífica de conflitos.

## 3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Segundo se describe no *Artigo 6 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*, a comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o Consello Escolar.

### 3.1. Composición e elección dos/as seus/súas membros

Serán elixidos/as polo Consello Escolar do centro, a proposta dos colectivos representados. Deberán estar representados/as, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Todos/as os/as representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no Consello Escolar, aínda que non é requisito que sexan os mesmos. Unha das persoas integrantes actuará como secretario/a e redactará a acta das súas reunións.

Integran esta comisión os/as seguintes membros:

- Presidencia: será a persoa titular da dirección do centro.
- Representantes do alumnado.
- Representantes do profesorado.
- Representantes das familias.
- Representantes do persoal de administración e servizos.

Profesionais aconsellables na composición da comisión de convivencia:



- Persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación.
- Docente que realice a función específica de dinamizador da convivencia e benestar no centro.
- Calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

### 3.2. Funcións e plan de actuación

Manteranse, cando menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas sexan convocadas pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador social do Concello ou doutros profesionais segundo a problemática, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia e Benestar, incorporando as iniciativas de toda a comunidade educativa, para ser aprobado no Consello Escolar.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato entre o alumnado e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como informarlle, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das medidas correctoras impostas.
- Propor persoas para formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das medidas correctoras e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento das mesmas.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre o análise da convivencia e a conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas do mesmo neste ámbito. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao Servizo de Inspección Educativa.



## 4. NORMAS DE CONVIVENCIA

### 4.1. Medidas correctoras aprobadas polo centro e protocolos para a súa aplicación

Para o logro dunha boa convivencia e un positivo desenvolvemento da actividade educativa é necesario establecer normas que garantan a obxectividade das decisións adoptadas polo equipo directivo, o profesorado ou a comisión de convivencia á hora de aplicar medidas correctoras cando a conduta do alumnado o precise. Os protocolos de actuación establecidos nas normas de convivencia do centro perseguen erradicar a sensación de impunidade de calquera acto contrario á convivencia e motivar a reflexión do alumnado para reconducir o seu comportamento.

#### 4.1.1. Incumprimento das normas de convivencia

Son condutas obxecto de medidas correctoras:

- a) As condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
- b) As condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo *Artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño*.
- c) As posibles condutas contrarias á convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar.
- d) Asemade será considerada grave a acción de copiar ou intentar copiar nun exame ou tarefa avaliable, ou plaxiar o contido dun traballo, cando se considere un acto que perturba gravemente a convivencia no centro e o normal desenvolvemento da actividade lectiva.

#### 4.1.2. Criterios xerais para a aplicación das medidas de corrección

- a) As medidas correctoras terán finalidade e carácter educativo, garantirán o respecto aos dereitos de todo o alumnado e procurarán a mellora nas relacións dos membros da comunidade educativa.
- b) As medidas correctoras deberán ser proporcionais á natureza dos actos contrarios á convivencia.
- c) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.
- d) Non se poderá privar ao alumnado do seu dereito á educación.
- e) Non se poderán impor medidas correctoras contrarias á integridade física nin á dignidade do alumnado.
- f) Gradación: circunstancias paliativas ou atenuantes:
  - Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
  - A falta de intencionalidade.

Gradación: circunstancias agravantes



- A premeditación e a reiteración.
- Causar dano, inxuria ou ofensa aos/ás compañeiros/as de menor idade e aos/ás recién incorporados ó centro.
- Calquera acto que atente contra o dereito a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas.
- A discriminación por características físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

#### 4.1.3. Sobre as alteracións da convivencia no centro

- O alumnado ten a obriga principal de respectar o exercicio do dereito á aprendizaxe e estudo dos seus/súas compañeiros/as.
- O equipo directivo, profesorado e persoal de administración e servizos do centro procurará un clima escolar axeitado no centro que permita desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa e que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.
- As condutas contrarias á convivencia do centro recibirán o tratamento reflectido no *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro* que desenvolve a *Lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Así, no Título III do mencionado *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*, detállanse as condutas contrarias á convivencia escolar e as súas medidas de corrección.

#### 4.1.4. Sobre a gradación e reincidencia de condutas contrarias á convivencia

O tratamento específico do centro non contradí o reflectido no *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*.  
△ As medidas correctoras indicadas no seguinte cadro só serven para establecer un referente aproximado. As circunstancias específicas das condutas contrarias á convivencia, cheas de matices, condicionarán enormemente a decisión sobre as medidas correctoras a aplicar.



Condutas contrarias á convivencia	Gravidade	1ª/2ª vez	3ª/4ª vez	5ª/6ª vez	7ª e sucesivas
<ol style="list-style-type: none"> <li>Berrar ou falar con volume non axeitado.</li> <li>Non traer o material necesario ou a roupa axeitada para Educación Física.</li> <li>Dedicarse a tarefas alleas á clase.</li> <li>Comer ou beber na aula.</li> <li>Usar ou ter acendido o móbil, reprodutor de música, e/ou outros aparellos electrónicos sen autorización expresa do profesorado.</li> <li>Usar indebidamente os ordenadores do centro e/ou Internet.</li> <li>Outras de carácter análogo ás anteriores.</li> </ol>	A1	<p>1ª vea – Apercebimento oral</p> <p>2ª vez - Apercebimento por escrito.</p>	<p>Perda do dereito de asistencia á aula un máximo de 6 sesións lectivas. O alumnado realizará tarefas de estudo na biblioteca.</p> <p><u>Ou</u></p> <p>Realización de actividades de estudo durante dúas sesións en horario non lectivo.</p>	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante un día lectivo (Conduta tipo B).</p>	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante dous días lectivos (Conduta tipo C).</p>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Tirar lixo ao chan.</li> <li>Ensuciar material e/ou instalacións do centro ou dos/das compañeiros/as.</li> </ol>	A2	<p>Limpeza e recollida do lixo.</p>	<p>Realización de tarefas que redunden no beneficio do centro: Ata unha hora en horario lectivo.</p>	<p>Realización de tarefas que redunden no beneficio do centro: Ata tres horas en horario non lectivo.</p>	<p>Realización de tarefas que redunden no beneficio do centro: Ata seis horas en horario non lectivo.</p>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Perturbar o desenvolvemento das clases, cambios de clase e recreos.</li> <li>Faltar ao respecto aos/ás compañeiros/as: molestar fisicamente, ofender verbalmente ou con accións, usar sen permiso obxectos dos/as compañeiros/as etc.</li> <li>Faltar de forma inustificada á clase (Bacharelato).</li> <li>Acceder ou permanecer en espazos non permitidos.</li> <li>Non seguir as indicacións directas do profesorado.</li> <li>Outras de carácter análogo ás anteriores.</li> </ol>	A3	<p>Realización de tarefas na aula de convivencia inclusiva ata tres recreos.</p> <p><u>Ou</u></p> <p>Realización de actividades de estudo/lectura ata tres horas en horario non lectivo.</p>	<p>Perda do dereito de asistencia á aula ata 3 sesións lectivas</p> <p><u>Ou</u></p> <p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante un día lectivo (Conduta tipo B).</p>	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante dous días lectivos (Conduta tipo C).</p>	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante tres días lectivos (Conduta tipo C).</p>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Ser sancionado no mesmo curso con máis de cinco condutas tipo A.</li> <li>Abandonar ou intentar abandonar a clase sen permiso</li> <li>Ser expulsado de clase, e non seguir o protocolo: dirixirse á aula de convivencia</li> </ol>	B	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante un día lectivo (Conduta tipo B) e obriga de reparar os danos físicos e/ou morais</p>	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante tres días lectivos (Conduta tipo C).</p>	<p>Falta grave: inicio do procedemento corrector de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia)</p>	



<p>inclusiva e/ou á xefatura de estudos/dirección.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>4. Participar en pelexas e/ou proferir ameazas.</li> <li>5. Deteriorar obxectos, usalos con negligencia, maltratar material do centro, profesorado ou compañeiros (obriga de reparar ou substituír o material estragado).</li> <li>6. Faltarlle ao respecto ao profesorado ou ao persoal do centro.</li> <li>7. Desobedecer unha medida correctora imposta.</li> <li>8. Agredir fisicamente e/ou acosar.</li> <li>9. Fumar nos espazos do centro.</li> <li>10. Utilizar o teléfono móbil ou outro aparello electrónico para a toma de fotografías e/ou gravación de vídeos sen autorización expresa do profesorado.</li> </ol>		<p>causados.</p>		
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ser sancionado no mesmo curso con máis de tres condutas tipo B.</li> <li>2. Utilizar o teléfono móbil ou outro aparello electrónico para a toma de fotografías e/ou grabación de vídeos con posterior distribución en redes sociais.</li> <li>3. Portar calquera obxecto, substancia, ou produto potencialmente perigoso para a saúde e/ou a integridade persoal.</li> <li>4. Ignorar as indicacións do profesorado ou do persoal do centro. Desafío á autoridade.</li> <li>5. Furtar obxectos dos/das compañeiros/as, profesorado ou do centro (obriga de pagar ou substituír o material furtado).</li> </ol>	<p>C</p>	<p>Perda do dereito de asistencia ao centro durante tres días lectivos (Conducta tipo C).</p>		<p>Falta grave: inicio do procedemento corrector de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia)</p>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Agresións físicas ou psíquicas, inxurias, ofensas graves, ameazas e coaccións aos membros da comunidade educativa.</li> <li>2. Cometer actos de discriminación (raza, orientación sexual, etc.).</li> <li>3. Realizar actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade que constitúan unha indisciplina de gravidade.</li> </ol>	<p>D</p>			<p>Falta grave: inicio do procedemento corrector de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia)</p>



- |   |  |  |
|---|--|--|
| <ol style="list-style-type: none"><li>4. Gravar, manipular, difundir imaxes/informacións que atenten contra o dereito ao honor.</li><li>5. Cometer acoso escolar</li><li>6. Suplantación de personalidade.</li><li>7. Causar danos graves de forma intencionada ou por descoido grave, ás instalacións ou aos materiais, así como o furto.</li><li>8. Realizar actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e/ou extraescolares.</li><li>9. Realizar actuacións gravemente prexudiciais para a saúde ou integridade persoal<ul style="list-style-type: none"><li>◦ Consumir substancias ilegais</li><li>◦ Introducir substancias non permitidas</li></ul></li><li>10. Portar calquera obxecto, substancia, ou produto gravemente perigoso para a saúde e/ou a integridade persoal.</li><li>11. Reiterar/repetir condutas leves contrarias á convivencia:<ul style="list-style-type: none"><li>◦ Reiterar/repetir no mesmo curso sete condutas de nivel A3 ou superior.</li><li>◦ Reiterar/repetir no mesmo curso cinco condutas de nivel B ou superior.</li><li>◦ Reiterar/repetir no mesmo curso tres condutas tipo C.</li></ul></li><li>12. Incumprir as medidas correctoras impostas.</li></ol> |  |  |
|---|--|--|

#### Aclaracións básicas

Obriga de reparar os danos físicos e/ou morais causados:

- O/A alumno/a deberá presentar desculpas e recoñecer a responsabilidade dos seus actos, en público ou en privado, segundo a natureza dos feitos.
- O recoñecemento espontáneo dos feitos poderá terse en conta como atenuante da medida correctora.

A perda do dereito de asistencia ao centro non implica a perda do dereito do alumnado á educación. O alumnado deberá realizar tarefas de repaso e estudo.



<b>Outras</b>	
Outras condutas contrarias á convivencia no centro non incluídas na presente relación serán equiparadas ás anteriores en función da súa gravidade.	
Condutas leves contrarias á convivencia en actividades complementarias e extraescolares	Serán de aplicación as medidas correctoras indicadas no presente documento.
	Perda do dereito de asistencia a actividades complementarias e extraescolares por un período de ata dúas semanas.
Condutas gravemente prexudiciais para á convivencia en actividades complementarias e extraescolares	Serán de aplicación as medidas correctoras indicadas no presente documento.
	Perda do dereito de asistencia a actividades complementarias e extraescolares por un período de entre dúas semanas a un mes.

<b>PUNTUALIDADE</b>				
<b>Condutas contrarias á convivencia</b>	<b>Tres faltas</b>	<b>Cinco faltas</b>	<b>Sete faltas</b>	<b>Oito ou máis</b>
Faltas de puntualidade por trimestre	Apercibimento por escrito.	Perda do dereito de desfrute do primeiro período de lecer durante cinco días lectivos. <u>Ou</u> Realización de actividades de estudo durante dúas sesións en horario non lectivo.	Perda do dereito de asistencia ao centro durante un día lectivo (Conduta tipo B).	Perda do dereito de asistencia ao centro durante dous días lectivos (Conduta tipo C).



### ASISTENCIA

#### ESO

Faltas de asistencia que superen o 10 % das horas lectivas nun mes

Aviso a Xefatura de Estudos e inicio do Protocolo de Absentismo

#### BACHARELATO

#### Faltas de asistencia inxustificadas (Por trimestre)

10	1ª amoestación por escrito	Comunicación por escrito e realización de tarefas durante tres períodos de lecer
20	2ª amoestación por escrito	Comunicación por escrito e realización de tarefas durante cinco períodos de lecer
30	3ª amoestación por escrito	Comunicación por escrito e perda do dereito de asistencia ao centro durante un día lectivo (Conducta tipo B).

#### Faltas de asistencia inxustificadas por materia (Por trimestre)

Sesións semanais da materia	Número de faltas sen xustificar		
1	3	6	9
2	7	11	15
3	11	16	21
4	14	21	27
5	18	27	34
Medida	1ª amoestación por escrito e traballo asignado polo profesor/a	2ª amoestación por escrito, perda do dereito de asistencia ao centro durante un día lectivo (Conducta tipo B) e aviso de abandono de materia	Abandono de materia



#### 4.1.5. Sobre a xestión das condutas contrarias á convivencia

- a) Debe quedar rexistro en Xade daquelas condutas contrarias á convivencia (leves ou graves).  
Datos a consignar:
- Nome e apelidos do alumno/a e do profesor/a.
  - Lugar e data.
  - Referencia da conduta (leve ou grave) contraria á convivencia do centro.
  - Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- b) O profesorado debe entregar na xefatura de estudos o modelo de rexistro de faltas de conduta, recomendándose avisar dos feitos telefónicamente á familia do/a alumno/a.
- c) En ningún caso o profesorado rexistrará en Xade a falta de conduta, sendo a xefatura de estudos a encargada de xestionar o rexistro e a imposición de medidas correctoras, de ser o caso.
- d) A aula de convivencia inclusiva queda reservada para aqueles casos nos que resulte imposible a xestión da incidencia na propia aula. O profesorado de garda na aula de convivencia inclusiva seguirá o protocolo de funcionamento dese espazo.
- e) O alumnado non poderá ser enviado á aula de convivencia inclusiva sen tarefas.
- f) O alumnado enviado á aula de convivencia inclusiva será acompañado pola persoa delegada do grupo ou por quen o profesorado estime conveniente.

#### 4.1.6. Sobre a responsabilidade individual e/ou colectiva

- Os protocolos de actuación establecidos nas normas de convivencia do centro perseguen erradicar a sensación de impunidade de calquera acto contrario á convivencia e motivar a reflexión do alumnado para reconducir o seu comportamento.
- O alumnado debe entender que existe unha responsabilidade individual e unha responsabilidade colectiva.
- A dirección do centro poderá esixir que os gastos de reposición dos desperfectos ou roubos en espazos comúns sexan abonados polos responsables. Neste caso, os pagos realizaranse mediante transferencia bancaria á conta do centro, polo importe da reposición ou reparación do material deteriorado ou subtraído.

#### 4.1.7. Sobre a prescrición das condutas contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao finalizar o trimestre, a efectos de imposición de medidas correctoras por reiteración de condutas leves.

*Lei 4/2011, do 30 de xuño*, Capítulo II, artigo 17:

- a) As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.



- b) O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día no que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
- c) No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

*Lei 4/2011, do 30 de xuño, Capítulo II, artigo 24:*

- a) As correccións impostas como consecuencia das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.
- b) As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

#### 4.1.8. Sobre a indumentaria do persoal do centro e do alumnado

- a) Todos os membros da comunidade educativa deben de acudir ao centro correctamente vestidos, segundo os usos habituais na sociedade actual nos centros escolares. Esta norma respectarase dende o acceso ata a saída do instituto.
- b) Como norma xeral, a cabeza debe quedar ao descuberto de viseiras, gorras ou similares.
- c) Quedan prohibidas accións como mascar chicles, chupar caramelos ou levar postos auriculares.
- d) De xeito máis específico, durante a realización de probas/exames, deben seguirse as seguintes normas:
  1. Os pavillóns auditivos deberán mostrarse descubertos para previr o uso de auriculares e/ou dispositivos electrónicos.
  2. Os teléfonos móbiles, reloxos (intelixentes ou non) e calquera outro dispositivo electrónico deben estar apagados e gardados. O profesorado, ao seu criterio, poderá tomar as precaucións que considere necesarias para evitar o uso destes dispositivos durante a realización de exames.
  3. O profesorado poderá establecer outras medidas durante a realización de probas/exames, como non permitir mochilas preto das mesas, libros nas mesas, colocación do alumnado nunha determinada orde, etc.

#### 4.1.9. Sobre a actitude pasiva

Constitúen condutas contrarias á convivencia de carácter leve a actitude pasiva do alumnado e a negativa a colaborar na execución das actividades de aprendizaxe na clase, a falta de realización de deberes e traballos e a falta do material escolar específico na aula.

O profesorado poderá corrixir estas actitudes con amoestacións verbais ou por escrito.



#### 4.1.10. Sobre as fotografías e vídeos no centro

- a) Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito á protección da súa imaxe persoal e ao respecto da súa honra e intimidade.
- b) Queda terminantemente prohibido gravar ou fotografar ao alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos dentro das instalacións do instituto sen o seu consentimento.
- c) Exceptúanse as gravacións ou fotografías asociadas ás actividades lectivas e baixo o control e a responsabilidade do profesorado.
- d) Facer públicas esas imaxes en internet ou noutros medios sen o consentimento dos afectados poderá ser considerada falta grave.
- e) Poden ter consideración de condutas gravemente prexudiciais as levadas ao cabo no ámbito telemático, como o acceso ás contas de correo e/ou uso das mesmas con fins ilícitos, o borrado ou subtracción de arquivos ou a manipulación de perfís, arquivos, fotografías, etc.

#### 4.1.11. Sobre a prevención do acoso escolar

A *Lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade educativa (Título III. Capítulo III. Artigos 28 a 30), *considera acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.*

Cómpre destacar as seguintes apreciacións no tratamento das situacións de acoso escolar:

- a) O obxectivo do maltrato adoita ser un/ha só alumno/a ou alumna por parte dun grupo, o que produce un desequilibrio de poder físico, psicolóxico e social, colocando a vítima nunha situación de impotencia e indefensión que anula a súa capacidade de resposta.
- b) As consecuencias para as vítimas poden ser o fracaso escolar, a infelicidade, os traumas, a ansiedade e os problemas psicolóxicos.
- c) O acoso escolar é responsabilidade de todos/as. Para a identificación, comunicación e denuncia da situación, é imprescindible a colaboración de calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) pero, moi especialmente, a do alumnado, convertido en moitas ocasións, en observadores/as pasivos/as do maltrato entre iguais.
- d) Cando exista sospeita de acoso escolar deberase poñer inmediatamente en coñecemento do profesorado, profesorado titor, da persoa responsable do departamento de orientación ou dun membro do equipo directivo segundo se considere máis pertinente ou segundo a empatía ou cercanía comunicativa ou afectiva do/da alumno/a denunciante ou do /da alumno/a testemuña, respecto dunha destas persoas.
- e) A dirección iniciará actuacións de xeito inmediato, investigando o caso. De atopar evidencias de acoso, adoptará cantas medidas urxentes e cautelares sexan necesarias para garantir a



seguridade da vítima de acoso e das testemuñas, e, en función da gravidade dos feitos, decidirá a apertura do oportuno procedemento corrector.

- f) Arbitraranse así mesmo medidas para o seguimento dos/as causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
- g) Actuarase con discreción, garantindo en todo momento o carácter confidencial das declaracións e das actuacións que teñan lugar así como o anonimato da vítima, ou das persoas testemuñas e o de todas as que colaboren na identificación e denuncia da(s) persoa(s) agresora(s).
- h) Utilizarase como marco de referencia o protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, que se describe con máis detalle no epígrafe 5.4. do presente documento.

#### 4.1.12. Sobre o coidado do material e das instalacións do centro

- a) O alumnado está obrigado a coidar e utilizar axeitadamente o material e as instalacións do centro, así como a respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- b) A intencionalidade e a valoración dos danos serán tidos en conta para definir a conduta contraria á convivencia como leve ou grave.
- c) O alumnado responderá directamente do coidado e bo uso do material cedido polo instituto a título individual: mesa, cadeira, armario para libros, libros de texto e da biblioteca. Deberán mantelos en todo momento nun correcto estado de uso e de limpeza.
- d) Todo o alumnado dun grupo é responsable do coidado e bo uso da súa aula e doutras específicas que poida utilizar.
- e) Ao inicio de curso, baixo a supervisión do profesorado titor, revisarase o estado das instalacións da súa aula anotando nun parte todas as incidencias que atopen. No caso de descubrir durante o curso novos danos na aula do grupo, deberán comunicalo inmediatamente, a través das persoas delegadas, ante o profesorado titor. O profesorado titor traballará co equipo directivo do instituto na investigación da autoría do dano.

#### 4.1.13. Sobre a prevención dos furtos

- a) Os furtos de pertenzas de certo valor (cartos, móbil, libros, etc.) poderán ser considerados faltas graves.
- b) O alumnado ten a obriga de custodiar responsablemente os seus obxectos persoais, en especial os de certo valor económico. O instituto non se fai responsable da desaparición das pertenzas dos membros da comunidade educativa, pero porá todos os medios posibles para previr os furtos, e procederá a intentar esclarecer a autoría cando ocorran casos.
- c) O alumnado usará os armarios de libros para gardar os seus obxectos persoais. Non deben deixalos no pupitre ou na aula.
- d) As aulas pecharanse antes do comezo dos períodos de lecer e ao final da xornada lectiva.
- e) Cando alguén note a falta dunha pertenza, deberá:
  - o Comunicalo inmediatamente en clase ao profesorado, e posteriormente ao profesorado titor.



- Colaborar co profesorado, profesorado titor, e dirección para, entre todos, intentar esclarecer a autoría.
- Comunicar, de ser o caso, en secretaría e en xefatura de estudos a recuperación da pertenza.
- Cando se teñan fundadas sospeitas sobre algún/ha alumno/a, poderase solicitar a revisión da súa mochila, armario ou petos na procura do obxecto furtado.

#### 4.1.14. Sobre a seguridade e hixiene

- a) Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a que a súa estancia no centro escolar se realice nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- b) O alumnado debe utilizar as instalacións do instituto coidando a limpeza deste.
- c) O consumo de comida e bebidas (excepto auga) só está autorizada, con carácter xeral, na planta baixa do instituto (zona exterior e cafetería).
- d) Sen prexuízo do anterior, o consumo de comida e bebidas nos corredores do centro permitirase os días de choiva durante os períodos de lecer.
- e) Fóra deste horario o equipo directivo ou o profesorado poderá autorizar o consumo de comida e bebida de xeito excepcional.
- f) O alumnado é responsable de deixar a aula do seu grupo, ao remate da xornada escolar, nun estado axeitado de limpeza. Para facilitar o traballo do persoal de limpeza, deixarán os pupitres ordenados coas cadeiras enriba, volteadas.
- g) Cando o persoal encargado da limpeza atope unha aula nun estado de desorde e suciedade esaxerado e inaceptable procederá a deixar sen limpar a aula ata o día seguinte, deixando aviso a xefatura de estudos.
- h) O/a xefe/a de estudos investigará a autoría da desorde e aplicará as medidas correctoras oportunas ao alumnado responsable.
- i) No caso de encubrimiento colectivo poderán aplicarse medidas correctoras colectivas/solidarias/corresponsables, consistentes na limpeza de dita aula por parte de todo o alumnado do grupo.
- j) Queda terminantemente prohibida a venda e o consumo de tabaco e/ou bebidas alcohólicas tanto dentro do recinto escolar como durante as actividades complementarias e extraescolares. Polo tanto:
  - Non se pode fumar ningunha substancia: tabaco, cigarrillos electrónicos, etc.
  - Non se pode consumir ningunha substancia nociva ou prohibida: bebidas alcohólicas, drogas, etc.
  - Non se pode introducir no centro nin usar ningunha substancia nociva nin ningún obxecto perigoso para a integridade e saúde dos membros da comunidade educativa: drogas, armas, obxectos punzantes, navallas, etc.



#### 4.1.15. Sobre o uso dos dispositivos electrónicos

- a) Este centro aconsella non traer dispositivos electrónicos ao centro, xa que o *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro* prohibe o seu uso nos centros escolares, especialmente o móbil. O centro dispón de teléfono fixo a disposición do alumnado.
- b) O centro non se responsabiliza da perda ou deterioro destes dispositivos.

Aclaracións específicas sobre o uso de móbiles e dispositivos electrónicos

##### Teléfonos móbiles:

- Prohíbese coller, manipular e usar teléfonos móbiles, tanto no recinto escolar (aulas, parainfo, pavillón, biblioteca, corredores, xardín, etc.), como durante as actividades complementarias e extraescolares.
- Excepcionalmente, permitírase o seu uso con fins didácticos cando o docente así o autorice, previo aviso ás familias, polo menos cun día de antelación.

#### 4.2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

Segundo a lexislación vixente nesta materia, o *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*, concretamente no seu Título III denominado "Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección", destacar os seguintes capítulos e artigos:

##### Capítulo 1: Principios xerais

- Artigo 32: Principios xerais
- Artigo 33: Clase de condutas contrarias á convivencia
- Artigo 34: Gradación das medidas correctoras
- Artigo 35: Reparación dos danos causados

##### Capítulo 2: Das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia e da súa corrección

- Artigo 38: Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia
- Artigo 39: Medidas correctoras das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia
- Artigo 40: Proposta de cambio de centro
- Artigo 41: Aplicación das medidas correctoras

##### Capítulo 3: Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección

- Artigo 42: Condutas leves contrarias á convivencia
- Artigo 43: Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia
- Artigo 44: Responsables da aplicación das medidas
- Artigo 45: Solicitude de revisión e execución de medidas correctoras

Capítulo 4: Procedementos de corrección das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia



- Artigos 46 e seguintes: Procedementos de corrección das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia
- Artigos 49 e seguintes: Procedemento conciliado
- Artigo 52 e seguintes: Procedemento común
- Artigo 54: Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas correctoras
- Artigo 55: Compromisos educativos para a convivencia
- Artigo 56: Prescrición de condutas e de correccións

#### 4.3. Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa

Dereitos e deberes do alumnado: Atenderase ao disposto no artigo 7 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*.

Dereitos e deberes do profesorado: Atenderase ao disposto no artigo 8 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*.

Dereitos e deberes das persoas proxenitoras/titoras legais/acolledoras: Atenderase ao disposto no artigo 6 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*.

Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos: Atenderase ao disposto no artigo 9 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*.

#### 5. MEDIDAS PARA FOMENTAR A CONVIVENCIA POSITIVA

As actuacións destinadas a mellorar a convivencia, o benestar persoal e o ambiente de estudo no centro xiran en torno a tres eixos ou principios básicos:

- a) A sensibilización e respecto ás situacións persoais á diversidade de cada individuo.
- b) A prevención das conductas contrarias á convivencia, favorecendo un bo clima de traballo no centro e evitando chegar a conflitos.
- c) A aplicación de medidas correctoras educativas, conciliadoras e construtivas que incidan nas aprendizaxes enriquecedoras e nos reforzos positivos.

De seguido relaciónase un listado de actuacións dentro do Plan de Convivencia e Benestar. Na súa descrición indícanse os/as responsables e os/as destinatarios/as de cada actuación.

Na Programación Xeral Anual e na Memoria Xeral Anual indícanse datos máis detallados como a temática, os obxectivos e a temporalización destas actuacións.

##### 5.1. Actuacións no ámbito do Plan de Acción Titorial

Xefatura de estudos e departamento de orientación deseñarán, coordinarán e supervisarán as seguintes actuacións:

- a) Curso de acción titorial na aula virtual con recursos en materia de convivencia, de aplicación por parte dos/as titores/as na aula.
- b) Simplificación das tarefas burocráticas dos/as titores/as.
- c) Potenciación do respecto as normas de organización do centro.



- d) Reunións semanais dos/as titores/as co departamento de orientación e a xefatura de estudos para detectar necesidades e problemáticas de cada grupo.
- e) Reunións periódicas dos/as delegados/as de aula coa xefatura de estudos.

### 5.2. Actuacións para a adquisición de habilidades e competencias sociais

Departamento de orientación, coordinador/a de convivencia e benestar e xefatura de estudos coordinan e desenvolven actuacións específicas, tales como:

- a) Programa TEI (titoría entre iguais). Orientado a mellorar a integración escolar e a traballar por unha escola inclusiva e non violenta, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias. Dirixido á mellora ou modificación do clima e a cultura de traballo no centro respecto á convivencia, o conflito e a violencia (física, emocional ou psicolóxica).
- b) Distribución de calendarios para todas as aulas, con consellos e actividades sobre a convivencia positiva e benestar emocional.
- c) Actividades relacionadas coa solidariedade e o servizo á comunidade.
- d) Elaboración dunha guía de boas prácticas que introducen propostas para a resolución pacífica de conflitos.
- e) Programa Voitheia-Alar Galicia. Formación para familias, profesorado e alumnado sobre habilidades na vida, sobre a conduta suicida e sobre o acoso escolar.
- f) Concurso da aula máis inclusiva. O xurado terá en conta a información facilitada polo equipo docente, xefatura de estudos, orientación e a comisión de convivencia.
- g) Celebración de datas conmemorativas de xeito transversal.
- h) Obradoiros de convivencia.
- i) Obradoiros de control da conduta.
- j) Obradoiros de habilidades sociais.

### 5.3. Programas específicos para a adquisición de habilidades e competencias sociais

- a) **Plan Director.** Ciberseguridade, acoso escolar e violencia sobre a muller.
- b) **PROA+.** Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo incluído nos programas de éxito educativo. Créase un compromiso entre os centros e a administración por tres anos consecutivos, para desenvolver de forma conxunta actuacións que favorezan procesos de autoavaliación, que leven ao deseño de plans estratéxicos de mellora e de acollida, con obxecto de favorecer a equidade, a inclusión e a calidade educativa.

Liñas de actuacións:

- o Programas de reforzo educativo.
- o Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar. (RAOGAL)
- c) **Programa "Haters and Lovers".** Financiado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e executado polo centro de día "Alborada". Consiste na formación en estratexias para mellorar a autoestima e fomentar a resolución pacífica de conflitos no alumnado.



- d) **Programa "NoEnRedes"**. Financiado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e executado por "Alborada". Destinado tanto ao alumnado como as súas familias, ten como obxectivo a formación sobre o uso inadecuado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, os trastornos alimenticios, o acceso á pornografía, o acoso escolar e o ciberacoso, as autolesións e o risco autolítico, a dependencia e a perda de control, a solución de problemas e a toma de decisións.
- e) **Programa para o Impulso de Centros Referentes** na modalidade de Proxectos de Inclusión Educativa (PIE).

## 5.4. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de Acoso escolar e Ciberacoso

### 5.4.1. Normativa

De acordo co establecido no *Artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño*, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Nos *Artigos 29 e 30 da Lei 4/2011, do 30 de xuño*, especifícanse os seguintes puntos a destacar:

- Cando sexa necesario, pola gravidade da situación de acoso, poderá solicitarse a intervención de profesionais alleos ao centro escolar, designados pola administración.
- Os casos de acoso escolar serán comunicados sempre ao Servizo de Inspección educativa. En situacións de certa gravidade informarase tamén aos servizos sociais do Excmo. Concello de Vigo e, cando corresponda, á Fiscalía de Menores.
- A administración educativa porá en marcha campañas de sensibilización e formación para previr o acoso escolar e incentivar a cultura da paz.
- Protección integral das vítimas desde a dirección do centro, os/as docentes e a administración, adoptando todas as medidas necesarias para garantir a súa integridade, dignidade e o seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración.
- Deberán aplicarse medidas cautelares que neutralicen as ameazas, o control e o contacto entre a vítima e os potenciais acosadores/as.
- O plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:
  - Realización de campañas de sensibilización para toda a comunidade educativa contra o acoso escolar, que axuden a prevenilo, recoñecelo e reaccionar contra o mesmo.



- Establecemento de cauces específicos que faciliten a comunicación e denuncia, tanto polas vítimas como polas testemuñas, das situacións de acoso escolar.
- Descrición das medidas que deben adoptarse no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poner fin á mesma, sen perxucio das correccións disciplinarias que correspondan.
- A dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro, procurando que sexa unha persoa próxima e de confianza para a vítima.

Para a aplicación das medidas contra o acoso escolar seguirase o disposto no protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, publicado en outubro do 2015 pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Ademais, o acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no *Artigo 38* do [Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro](#).

No citado protocolo facilitado pola administración educativa, considéranse características específicas e agravantes dunha situación de acoso as seguintes:

- a) Continuidade no tempo.
- b) Desigualdade: desequilibrio de poder físico, psicolóxico, numérico ou social.
- c) Intencionalidade: intención consciente de facer dano.
- d) Personalización: os ataques diríxense a unha mesma persoa.
- e) Repetición: a vítima recibe de forma continuada e sistemática ataques de diferente tipo. No caso do ciberacoso, unha soa mensaxe ou imaxe difundida a través de redes sociais pode ter un efecto multiplicador que converte unha única intervención nunha agresión repetida no tempo.
- f) Indefensión: a persoa agredida non di nada, e non atopa ningunha axuda do grupo para saír da situación.
- g) Humillación: perséguese que a posición grupal da vítima quede danada.
- h) Rexeitamento: as accións realizadas non son aceptadas pola vítima, nin interpretadas como unha broma ou xogo.
- i) Invisibilidade: as accións calcúlanse para se realizar en espazos pouco frecuentados e con menor supervisión.
- j) Inhibición das persoas observadoras: poucas ou ningunha das persoas observadoras apoian ou defenden á vítima.



#### 5.4.2. Protocolo do centro contra o acoso escolar e o ciberacoso

1. Para favorecer o reparto de responsabilidades, a coordinación e a axilidade nas actuacións, seguiranse as seguintes fases:

- **Fase primeira.** Coñecemento, identificación e comunicación da situación aos/ás implicados/as, á dirección do centro e ao Servizo de Inspección educativa.
- **Fase segunda.** Recollida de información (mediante entrevistas, observación, etc.) e rexistro oficial da mesma.
- **Fase terceira.** Análise da información, investigación e adopción de medidas.
- **Fase cuarta.** Seguimento e avaliación periódica das medidas adoptadas.

2. A dirección do centro educativo e o equipo de Actuación Contra o Acoso Escolar (ACAE), constituído para cada unha das intervencións e formado por un mínimo de tres membros do claustro, entre os cales se atopa o/a xefe do departamento de orientación e o/a coordinador/a de benestar e convivencia, serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención.

3. Deseño dun programa de prevención das situacións de acoso e ciberacoso escolar, coordinado pola xefatura de Estudos, o departamento de orientación e o/a coordinador/a de benestar e convivencia:

- a) Curso na aula virtual para as titorías da ESO con actividades sobre á prevención, identificación e sensibilización ante estas situacións.
- b) Programa de acción titorial para fomentar a educación na diversidade e o respecto ante outras culturas, erradicando actitudes racistas ou de xenofobia.
- c) Contactos periódicos coas familias para compartir información sensible e asegurar a mutua colaboración, identificando ao profesorado titor como figura de confianza en casos de acoso.
- d) Actividades de sensibilización deseñadas polo departamento de orientación nos diferentes niveis da ESO.
- e) Enquisas periódicas para a detección de vítimas e agresores/as potenciais.
- f) Aplicación de estratexias para recoñecer os perfís psicolóxicos e sociais do alumnado de cada grupo-clase.
- g) Colaboración do alumnado axudante e mediador na prevención do acoso escolar e nas campañas de sensibilización.
- h) Programa de acollemento do alumnado novo ou estranxeiro por parte do alumnado mediador e acompañante, do profesorado, do departamento de orientación e do/a coordinador/a de benestar e convivencia.
- i) Supervisión das interaccións entre o alumnado na aula, nos corredores e nos períodos de lecer por parte do profesorado.
- j) Comunicar a existencia do punto laranxa, tanto físico como virtual, para animar a denunciar os casos de violencia e acoso.



- k) Escola de nais e pais ofrecendo formación en materia de acoso e ciberacoso.
- l) Colaboración con outras entidades.
- m) Plan Director sobre convivencia e seguridade para previr o acoso e o ciberacoso.
- n) Conferencias e obradoiros sobre o acoso escolar dirixidas ao alumnado de ESO.

### 5.5. Actuacións para evitar e previr comportamentos sexistas

De acordo coa [Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes](#), a defensa da igualdade entre mulleres e homes debe ser un principio fundamental no Plan de Convivencia e Benestar de calquera centro educativo.

As actuacións previstas para evitar e previr comportamentos sexistas serán as seguintes:

- a) Actividades transversais orientadas á educación en igualdade en torno a datas conmemorativas.
- b) Conferencias e obradoiros sobre a prevención de comportamentos sexistas.
- c) Punto laranxa, tanto físico como virtual.
- d) Medidas correctoras e sancións ante comportamentos sexistas.

### 5.6. Aula de Convivencia Inclusiva

No [Artigo 25 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro](#), descríbense os principios e obxectivos que definen a Aula de Convivencia Inclusiva. A partir destes, establécense os seguintes puntos:

- a) Esta aula está dirixida ao alumnado privado temporalmente do seu dereito de asistencia a aula como consecuencia da imposición de medidas correctoras derivadas de condutas contrarias á convivencia.
- b) Nunca deberá interromperse o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- c) Esta aula é un espazo para que o alumnado reflexione sobre a súa conduta contraria á convivencia, realizando as tarefas que lle fosen encomendadas polo seu equipo docente, así como as actividades propostas polo departamento de orientación e a xefatura de estudos.

#### 5.6.1. Protocolo para derivar ao alumnado á Aula de Convivencia Inclusiva

Condicións necesarias para derivar a un/unha alumno/a á aula de convivencia.

- a) Considerarse útil e positivo para o proceso de maduración e aprendizaxe do/a alumno/a.
- b) A conduta contraria á convivencia non pode ser xestionada na aula ordinaria polo/a docente.
- c) O/A alumno/a reincide na súa conduta contraria á convivencia.

Procedemento de derivación do/a alumno/a á Aula de Convivencia Inclusiva.

1. O/A alumno/a recibirá as tarefas a realizar na aula de convivencia inclusiva.
2. O/A alumno/a será acompañado/a polo delegado/a á aula de convivencia inclusiva. O/A docente poderá designar outro/a alumno/a acompañante, de ser necesario.



3. O/A alumno/a presentárase na aula de convivencia inclusiva trasladando aviso ao/á profesor/a de garda nesta aula.
4. O/A profesor/a de garda rexistrará a presenza do/a alumno/a no libro de rexistro da aula de convivencia inclusiva.
5. O/A alumno/a completará o formulario de alumnado derivado á aula de convivencia inclusiva e realizará as tarefas asignadas.
6. O/A docente que deriva ao/á alumno/a á aula de convivencia inclusiva entregará á xefatura de estudos o formulario de amoestación indicando a conduta contraria á convivencia que motiva a derivación do/a alumno/a e as medidas correctoras aplicadas.

#### Xestión da Aula de Convivencia Inclusiva.

- o Está ubicada nunha zona acotada da biblioteca escolar, debidamente sinalizada.
- o Sempre haberá un/ha profesor/a de garda, un/-ha membro do equipo directivo ou un/-ha membro do departamento de orientación, que será o/a responsable do alumnado derivado á aula de convivencia.

#### 5.7. Equipo de Mediación

Segundo o disposto no *Artigo 26 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*, e nas orientacións sobre esta temática en [educonvives](#), teranse en conta as seguintes directrices para coordinar e implementar a formación e a actuación do equipo de mediación do centro.

#### **Principios e características que definen a mediación**

- a) Proceso alternativo aos habituais para resolver conflitos.
- b) Xuntanza voluntaria cun enfoque colaborativo para analizar un conflito e decidir o mellor modo de resolvelo.
- c) A mediación é un proceso privado e confidencial.
- d) Negociación asistida por un terceiro neutral, o/a mediador/a (docente ou alumno/a).
- e) O/A mediador/a non é nin xuíz/a nin negociador/a.
- f) O/A mediador/a é un/ha moderador/a que asegura un clima de respecto e tolerancia entre as partes implicadas.
- g) O/A mediador/a é un/ha guía que asesora e dirixe os o proceso entre os/as afectados/as.

#### **Fins e obxectivos que validan a mediación**

- a) Mellora da convivencia escolar.
- b) Reflexión sobre comportamentos contrarios á convivencia e actitudes negativas.
- c) Prevención e resolución pacífica dos conflitos.
- d) Sensibilización do/a alumno/a ante a necesidade de mediar, captando o seu interese para que se ofrezan voluntariamente como mediadores/as.
- e) Implicación de todos os sectores da comunidade educativa.



## Protocolo de actuación nunha mediación

- a) **Proposta de mediación.** Calquera membro da comunidade educativa.
- b) **Comunicación e solicitude da mediación.** A solicitude de mediación pode ser oral ou escrita, e será comunicada ao titor ou titora correspondente, á xefatura de estudos, ao departamento de orientación ou á persoa coordinadora de benestar e convivencia.
- c) **Responsables da mediación.** A persoa coordinadora de benestar e convivencia ou un membro do departamento de orientación. Nos casos menos complexos algún/ha alumno/a do equipo de mediación do centro, sempre de xeito voluntario.
- d) **Desenvolvemento da mediación:**
  - 1. A persoa mediadora valorará a información recibida para decidir se o conflito é susceptible de mediación ou non.
  - 2. Na primeira fase da mediación entrevistárase de xeito individual ás partes implicadas.
  - 3. Sempre que sexa posible entrevistárase de forma conxunta as partes implicadas (coa presenza do alumnado mediador) buscando un acordo entre as mesmas.
  - 4. As partes implicadas, xunto coa persoa mediadora, entregarán un documento de acordo e compromiso á xefatura de estudos, que velará polo seu cumprimento.
- e) **Actas.** Levantarase acta das reunións de mediación, tanto das entrevistas como do compromiso final.
- f) **Seguimento e avaliación da mediación.** A persoa mediadora realizará un seguimento do cumprimento do acordo, da convivencia positiva entre as partes implicadas e do seu grao de benestar emocional. A xefatura de estudos velará polo cumprimento do acordo.

## Funcións dos/as mediadores/as

- a) Detectar conflitos e axudar ás partes a chegar a acordos, sen dar consellos nin solucións.
- b) Rexistrar por escrito o contido das entrevistas realizadas e dos compromisos acadados.
- c) Participar nas actividades de mellora da convivencia escolar.
- d) Solicitar axuda do profesorado, titores/as, departamento de orientación, xefatura de estudos ou coordinador/a de convivencia e benestar para mediar nas situacións que non poidan resolver.

## Medidas para fomentar a resolución de conflitos mediante mediación

- a) Participación no programa TEI, "Titoría entre iguais", coordinado polo departamento de orientación.



- b) Desenvolvemento dun programa de mediación, con formación de iniciación ou de consolidación dirixida tanto ao profesorado como ao alumnado mediador, preferentemente dos primeiros cursos da ESO ( 1º, 2º e 3º de ESO).
- c) Desde o curso 2021-2022 estase formando a un grupo de alumnado mediador de 1º e 2º e 3º de ESO, que empezou a mediar a partires do curso 2023-2024.

## 6. MEDIDAS PARA FOMENTAR O BENESTAR EMOCIONAL

Resulta fundamental que as actuacións orientadas a mellorar a convivencia, o benestar persoal e o ambiente de estudo no centro xiren en torno a tres eixes ou principios básicos:

- a) A sensibilización e o respecto as situacións persoais e á diversidade de cada individuo.
- b) A participación en actividades educativas, conciliadoras e construtivas que incidan nas aprendizaxes enriquecedoras e nos reforzos positivos.
- c) Garantir a inclusión social e o benestar persoal de toda a comunidade educativa.

De seguido ofrécese un listado das actuacións, nas tres liñas de traballo descritas, que se fomentarán desde o Plan de Convivencia e Benestar, e que se desenvolverán no presente e nos próximos cursos académicos.

Na súa descrición indícanse os/as responsables e os/as destinatarios/as de cada actuación.

Na Programación Xeral Anual e na Memoria Xeral Anual indicaranse datos máis detallados como a temática, os obxectivos, a temporalización.

### 6.1. Recreos Inclusivos

Ofértanse actividades variadas durante os recreos para favorecer a convivencia e chegar aos intereses dos diferentes perfiles de alumnado.

#### **Obxectivos**

- a) Previr conflitos entre o alumnado nos períodos de lecer.
- b) Potenciar as comunicacións interpersoais e grupais promovendo o encontro, a sociabilidade, a solidariedade e a responsabilidade.
- c) Inculcar no alumnado valores como o respecto mutuo para conseguir unha mellora nas relacións interpersoais.

#### **Proposta de actividades nos períodos de lecer**

- a) Biblioteca "Méndez Ferrín". Espazo para desfrutar da lectura, traballar en grupo ou consultar fontes de información.
- b) Xadrez, en espazos destinados a tal fin.
- c) Clubs de Lectura. Biblioteca "Méndez Ferrín".
- d) Club de Manga. Biblioteca "Méndez Ferrín".
- e) Aulas de informática 2 e 3. Actividades de Polos creativos e STEM.
- f) Aula de música. Audicións musicais e actuacións en vivo.



- g) Aula de artes plásticas "Armando Guerra". Actividades creativas.
- h) Xuntanzas do equipo de dinamización lingüística da lingua galega, na biblioteca escolar.
- i) Recuncho de benestar, na biblioteca "Méndez Ferrín".
- j) Obradoiros de relaxación para o alumnado de 2º de Bacharelato.
- k) Actividades culturais diversas organizadas polo/a coordinador/a da biblioteca escolar.
- l) Lugares de encontro, traballo ou faladoiros nos corredores do centro e no xardín.
- m) Zona deportiva no xardín con mesas de ping pong, voleibol, fútbolín e calistenia.

Neste sentido, elaborárase un horario coas actividades ofertadas en cada período del lecer da semana, que estará dispoñible no taboleiro de cortiza de todas as aulas e na pantalla de anuncios do vestíbulo do centro.

## 6.2. Recuncho do benestar

Pequena zona acotada na biblioteca onde poida asegurarse a intimidade, a seguridade, a tranquilidade e o equilibrio emocional do alumnado que sufran algún tipo de crise ou ansiedade, motivada por temas académicos, familiares, persoais ou psicolóxicos.

Este recuncho do benestar estará debidamente sinalizado e disporá dos seguintes recursos, entre outros, para evadirse dos problemas e superar a ansiedade: lámpara de lava de cores, cascos para escoitar música, palos de chuvia, pelotas de goma antiestrés, mandalas para colorear ou lápices de cores.

## 6.3. Alumnado acompañante

### Selección e formación deste alumnado

- a) Ao comezo do curso, os/as titores/as, tras aplicar as técnicas de autocoñecemento e socialización facilitadas polo departamento de orientación, elixirán a dous/dúas alumnos/as voluntarios/as por aula que desempeñarán o papel de alumnos/as acompañantes.
- b) Polo tanto, en cada grupo-clase, ademais de do/a delegado/a e subdelegado/a, tamén se escollerá a outros/as dous/dúas alumnos/as acompañantes.
- c) Non se prevé a creación de ningún outro rol ou comisión de alumnado na aula, fomentando o compromiso, a coordinación e o traballo en equipo dentro do grupo-clase, e respetando as funcións e responsabilidades da figura do/a delegado/a e subdelegado/a de cada grupo. Esta medida non limita a existencia de alumnado mediador.
- d) O departamento de orientación, en coordinación coa xefatura de estudos, desenvolverá unha breve xornada formativa para informar das funcións principais do alumnado acompañante.

### Alumnado beneficiario desta medida

- a) Alumnado estranxeiro, novo no centro ou alumnado ao que lle custa integrarse e socializar.
- b) Alumnado que sufra algún tipo de debilidade persoal ou de desvantaxe social.

### Funcións do alumnado acompañante



- a) Apadriñamento do alumnado do seu grupo-clase que sufra algún tipo de desvantaxe persoal ou social, co obxectivo de guíalos, asesoralos en cuestións académicas e organizativas, acompañándoos nos tempos de lecer e integrándoos.
- b) escoitar, atender e apoiar aos/ás compañeiros/as que se sintan excluídos, que teñan preocupacións, dúbidas e/ou problemas persoais.
- c) Axudar e acompañar ao alumnado cando outro/a compañeiro/a os/as molesta.

#### 6.4. Punto laranxa

- a) O punto laranxa físico consiste nunha caixa de correo para comunicar anónimamente unha situación de acoso escolar da que se poida ter coñecemento. Está situado no corredor fronte á sala de profesorado, na primeira planta.
- b) Existe tamén a posibilidade de facer a comunicación dunha situación de acoso escolar empregando a páxina web do centro, no punto laranxa virtual, que de xeito inmediato comunicará telemáticamente dita información á xefatura do departamento de orientación, ao/á coordinador/a de benestar e convivencia e á dirección do centro.
- c) Sen prexuízo do anterior, calquera membro da comunidade educativa pode e debe comunicar á dirección do centro as situacións de acoso escolar.

#### 6.5. Actuacións para mellorar a saúde física e mental

- a) Plan Proxecta+. Formación sobre hábitos de vida saudables.
- b) Cafetería do centro. Promoverase o consumo de alimentos saudables e prohibirase a venda de bebidas enerxéticas, refrescos e doces.
- c) Programa "Froitas na escola".
- d) Concurso de cociña durante o entroido.
- e) Actividades deportivas organizadas polo departamento de educación física en horario escolar.
- f) Día mundial da diabetes. Obradoiro e carreira na rúa.
- g) Estratexias fronte ao risco autolítico.
- h) Prevención da drogodependencia.
- i) Formación sobre a saúde sexual.

#### 6.6. Actuacións para fomentar a socialización e a autoestima

Tanto no ámbito persoal como académico, considéranse as seguintes actuacións:

- a) Actividades interdisciplinares deseñadas por varios departamentos.
- b) Oferta de actividades extraescolares dentro e fóra do centro.
- c) Viaxes extraescolares de fin de curso.
- d) Orientación académica.



### 6.7. Actuacións para acadar unha adecuada competencia dixital

- a) Coordinación entre o departamento de tecnoloxía, dirección e o resto dos departamentos para desenvolver a competencia dixital cun enfoque autocrítico.
- b) Capacitación do alumnado para crear unha identidade dixital segura.
- c) Aula virtual do centro coordinada e xestionada polo profesorado do departamento de tecnoloxía.
- d) Uso do correo corporativo do centro ies.santairene@edu.xunta.gal e da aplicación Abalar.
- e) Participación no Programa "Contigo na Rede", deseñado para informar, formar e capacitar a alumnado, profesorado e familias no uso correcto e seguro das TRIC, dotándoos de ferramentas para a transformación dixital.
- f) Participación no Programa "Navega con Rumbo".

### 6.8. Actuacións para motivar ao alumnado con altas capacidades

Promoverase a creatividade, o pensamento crítico e as aprendizaxes construtivas para mellorar a autonomía e cubrir as expectativas cognitivas deste perfil de alumnado, entre os que non só se inclúe o alumnado diagnosticado con altas capacidades, senón tamén aquel que mostra interese por aprender e inquietude por adquirir novas competencias.

- a) Seccións bilingües en lingua inglesa nas materias de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO e Física e Química de 2º ESO.
- b) Club de Ciencias e da Semana das Ciencias, impulsado polo departamento de ciencias naturais e física e química. Trátase dunha actuación incluída nos programas de éxito educativo.
- c) Participación en Galiciencia, Semana das Matemáticas, no Concurso "O Canguro Matemático" e na Feira Matemática, impulsado polo departamento de matemáticas.
- d) Polos creativos. Dúas aulas a disposición de todo o profesorado e alumnado que o solicite. Trátase dunha actuación incluída nos programas de éxito educativo.
- e) Participación en Imatxina da Fundación Escola Rosalía.
- f) Participación en concursos literarios en lingua galega e castelá.
- g) Participación no Plan LIA 2021-2025 de bibliotecas escolares, para a lectura, a información e a aprendizaxe, mellora das competencias da lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego.
- h) Acceso á Biblioteca virtual E-ELBE.2.
- i) Club de cine e debate. Deseñado no ámbito dos [Proxectos de Inclusión Educativa \(PIE\)](#)
- j) Participación na semana das Letras Galegas e na semana do Día do Libro.
- k) Clubs de lectura xestionados pola coordinadora da biblioteca:
  - o Liña 1 "Valores", para 1º ESO.
  - o Liña 2 "Convivencia", para todo o centro.
  - o Liña 3 "Iniciación á lectura compartida", para alumnado NEE e NEAE de 1º ESO.
  - o Liña 4 "Club de manga", para todo o centro.
  - o Liña 5 "Novela actual", para 3º e 4º de ESO e Bacharelato.



- Liña 6 "Grupo de Adultos".

## 6.9. Guías e protocolos para garantir o benestar emocional e unha adecuada atención á diversidade

Coordinación e desenvolvemento por parte do departamento de orientación, o/a coordinador/a de benestar e convivencia e a xefatura de estudos, segundo corresponda, das guías e protocolos psicopedagóxicos para garantir o benestar emocional da comunidade educativa, asesorando aos/ás docentes e discentes implicados:

- a) Protocolo de acollida para o alumnado novo** no centro e para as súas familias. Titores/as e equipo directivo do centro.
  - Xuntanzas para informar das normas de funcionamento e de convivencia.
  - Percorrido polo novo centro.
- b) Protocolo de acollida para alumnado inmigrante.** Equipo docente.
  - Actividades para dar a coñecer a súa cultura ao resto do alumnado. Exposicións na súa aula, semana da interculturalidade, etc.
  - Probas de nivel adaptadas ás súas competencias e coñecementos previos, dacordo co sistema educativo do seu país de orixe, para determinar adecuadamente a súa escolarización sen causarlles desmotivación ou frustración.
- c) Protocolo de acollida para os centros adscritos.** Titores/as e equipo directivo do centro.
  - Visita do alumnado adscrito para familiarizarse co seu futuro centro no terceiro trimestre.
  - Intervención de antigos/as alumnos/as dos centros adscritos para resolver dúbidas e inquietudes, no terceiro trimestre.
  - Acollida da dirección coas familias do alumnado dos centros adscritos no terceiro trimestre.
- d) Actividades de acollida para o profesorado novo.** Xefes/as de departamento e equipo directivo.
  - Xuntanzas informativas e percorrido polo centro.
  - Entrega de documentación a través dun espazo na aula virtual creada para o claustro.
  - Asesoramento polo/a xefe/a do departamento en cuestións académicas e relacionadas coa programación didáctica.
- e) Medidas organizativas que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco, para asegurar unha convivencia positiva, tales como os períodos de lecer, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.**
  - Gardas de recreo e corredor. Docentes vixiando en todas as zonas de lecer.
  - Recreos inclusivos. Alumnado supervisado por docentes nas diferentes actividades.
  - Equipo de mediación do centro. Alumnado coordinado polo departamento de orientación e o/a coordinador/a de benestar e convivencia.
  - Alumnado acompañante de cada grupo/clase. Alumnado coordinado polo departamento de orientación e o/a coordinador/a de benestar e convivencia.



- f) Protocolos de prevención, detección e intervención do risco autolítico, do acoso escolar e do ciberacoso, do maltrato infantil e da violencia de xénero.
- g) Guía sobre identidade de xénero, identidade dixital e protección de datos.
- h) Guía de atención domiciliaria, de atención temperá e de urxencias sanitarias.
- i) Protocolo de absentismo escolar.
- j) Protocolos do alumnado con Necesidade Educativa Especial (NEE) e Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).

#### 6.10. Criterios para a distribución do alumno por grupos

Información dos/as titores/as, equipo docente e departamento de orientación para que a xefatura de estudos poida tela en consideración na formación dos grupos de alumnado, segundo os seguintes criterios:

- a) Equilibrio no número de nenos e nenas por grupo.
- b) Mesturar alumnado procedente dos distintos centros e dos distintos grupos do centro adscrito, procurando que ninguén quede illado.
- c) Repartir, de forma equilibrada nos distintos grupos, o alumnado segundo o seu rendemento académico e ás súas necesidades educativas.
- d) Equilibrar o número de alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso e/ou alumnado con materias pendentas.
- e) Creación de agrupamentos ou subgrupos de alumnado heteroxéneo.

#### 6.11. Melloras na Distribución e decoración dos espazos

Intentaranse mellorar a distribución e a decoración dos espazos, para fomentar unha convivencia positiva, creando novas zonas de benestar nas que se traballe a educación ambiental como tema transversal.

- a) **Aula da natureza.** Bancos semicirculares e concéntricos no xardín para impartir docencia ou para participar en actividades ao aire libre.
- b) **Zonas recreativas no xardín.** Mesas de ping pong, fútbolín ou barras de calistenia.
- c) **Zonas de tertulia no xardín.** Bancos de madeira baixo a arboleda.
- d) **Espazo seguro.** Creación dun recuncho de benestar para relaxarse e sentirse seguro.
- e) **Sala de mediación.** Aula para celebrar as xuntanzas de mediación e resolver conflitos.
- f) **Zonas de estudio nos corredores.** Mesas agrupadas e cadeiras para estudar ou traballar, individualmente ou en equipo.
- g) **Uso polivalente da biblioteca:**
  - 1. Zona con mesas agrupadas de catro en catro, con pantalla dixital da biblioteca.
    - o **Aula de docencia,** para impartir contidos ou practicar destrezas a grupos reducidos.
    - o **Aula de consulta,** durante períodos lectivos acompañados por un/ha docente.
    - o **Aula de estudo,** para alumnado con materias aprobadas ou validadas, durante os períodos lectivos.



- **Sala cultural durante os períodos de lecer** para ler, estudar, traballar, consultar fontes de información, xogar ao xadrez, etc.
- **Sala cultural para actividades complementarias**, tales como conferencias, charlas, debates, xuntanzas dos clubs de lectura, etc.
- 2. Zona cunha mesa redonda, diante da mesa do profesor de garda:
  - **Aula de convivencia inclusiva**, para acoller ao alumnado que perde o dereito de asistencia a clase, pero non o seu dereito ao proceso de ensinanza e aprendizaxe, durante períodos concretos de clase ou durante unha xornada lectiva completa.
- 3. Zona con sofá e mesa, nun reservado da biblioteca:
  - **Recuncho de benestar**, zona para atender ao alumnado vulnerable, asegurando a súa intimidade e o seu equilibrio emocional, tras un período de crise ou ansiedade.

#### 6.12. Medidas para o coidado e conservación do centro

- a) Implicar a toda a comunidade educativa na limpeza, orde e mantemento das instalacións, responsabilidade de todos/as os/as docentes, persoal de administración e servizos e do equipo directivo.
- b) Concienciar da importancia do coidado dos lugares públicos, en particular do centro, pois ten un importante patrimonio histórico e artístico.
- c) Fomentar o traballo en equipo dentro de cada aula para:
  - Manter limpas as mesas.
  - Ordenar as mesas e cadeiras.
  - Poñer as cadeiras sobre os pupitres ao final da xornada.
  - Recoller os papeis da aula, incluíndo os que están tras os radiadores.
  - Actualizar e ordenar a cortiza e colocar ben os papeis.
  - Non tirar lixo no xardíns e resto das instalacións.
- d) Neste sentido, desde a vicedirección e a xefatura de estudos organizarase un concurso da aula mellor xestionada, máis limpa e máis ordenada. O xurado terá en conta a información recollida polos/as titores/as, docentes e persoal do servizo de limpeza.

#### 6.13. Escola de pais e nais

Segundo o Artigo 27 do *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro* os centros deben coordinar e promover a formación das familias en materia educativa, en convivencia positiva e en benestar emocional, para mellorar o crecemento persoal e a madurez intelectual dos seus/súas fillos/as.

A escola de pais e nais estará supervisada polo departamento de orientación, o/a coordinador/a de convivencia e benestar e a xefatura de estudos, coa necesaria colaboración da Asociación de Nais e Pais do centro e, cando proceda, do IES Santo Tomé de Freixeiro.

Posibles temáticas das xornadas para as familias sobre convivencia, saúde e benestar:

- a) Xornadas sobre saúde nutricional, perigos das bebidas enerxéticas.



- b) Prevención do consumo de drogas.
- c) Prevención do uso abusivo de internet e das redes sociais.
- d) Educación sexual e internet.
- e) Acceso á contidos pornográficos.
- f) Acoso e ciberacoso.
- g) Os valores do deporte.
- h) Emocións no ámbito familiar.

#### Participación en Programas de formación dirixidos aos/ás proxenitores/as ou titores/as legais

- Programa "NoEnRedes", destinado tanto a alumnado como a familias, co obxectivo de tratar diferentes temáticas relacionadas coa convivencia e o benestar, tales como o uso inadecuado das TIC, trastornos alimenticios, acceso á pornografía, acoso escolar e ciberacoso, autolesións e risco autolítico, dependencia e perda de control, solución de problemas e toma de decisións, etc.

#### 7. Coordinador/a de Benestar e Convivencia

Na *Orde do 23 de agosto de 2023*, detállanse as seguintes apreciacións en relación á figura do/a coordinador/a de benestar e convivencia.

##### **Designación**

- a) A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola dirección do centro entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.
- b) Actuará sempre baixo a supervisión da dirección do centro docente.

##### **Funcións**

###### En coordinación co equipo directivo

- a) Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia.
- b) Fomentar o uso de métodos de resolución pacífica dos conflitos, velando pola incorporación no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- c) Identificarse ante a comunidade educativa como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- d) Informar ó persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.



- e) Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, á comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- f) Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- g) Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- h) Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

#### En coordinación co departamento de orientación

- a) Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- b) Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- c) Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- d) Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- e) Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

#### En coordinación coas asociacións de nais e de pais

- a) Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

#### **Plan de traballo**

O plan de traballo do/a coordinador/a de benestar e convivencia incluírase dentro do Plan de Convivencia do centro e incorporará, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Xustificación do plan de traballo.
- b) Contextualización do plan, que recollerá a situación de partida no centro.
- c) Obxectivos, nos cales se especificarán indicadores.
- d) Procedemento para o seguimento, avaliación e modificación do plan.



e) Procedemento para a súa difusión.

Ditos epígrafes coinciden cos marcados para o Plan de convivencia, motivo polo que se decidiu consensuar ambos plans de traballo nun só documento, baixo o título de Plan de Convivencia e Benestar, agás no referido ás medidas propostas e ás actuacións desenvolvidas nos ámbitos da convivencia positiva e do benestar emocional, descritos respectivamente nos apartados 5 e 6 do presente documento.

O plan de traballo concretarase anualmente na Programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

Para cada unha das accións concretarase a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

## 8. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR

No *Artigo 17 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro* menciónanse aos/ás responsables da difusión deste plan:

- O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia e as normas de convivencia sexan coñecidos, aplicados e valorados por todos os sectores da súa comunidade educativa.
- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional con competencias en materia de educación facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.
- A comisión de convivencia garantirá a súa difusión, considerando as seguintes posibles canles:
  - Claustro de profesorado.
  - Comisión de coordinación pedagóxica.
  - Consello escolar.
  - Titorías de nais/país titores/as legais, sobre todo nas reunións de inicio de curso.
  - Reunións da xunta de delegados/as.
  - Reunións específicas con representantes de institucións públicas culturais na contorna do centro educativo.
  - Asociación de Nais e Pais do centro.

Os medios para levar a cabo esta difusión serán:

- a) A súa mención, interrelación e coherencia con outros documentos do centro.
- b) O departamento de artes plásticas deseñará un mural onde se reflicten todas as persoas, espazos e recursos aos que acudir en caso de necesidade, garantindo o benestar do noso alumnado e intentando que aprenda a bruxulearse na contorna do centro, pero tamén extrapolándolo a súa vida cotiá. Tamén se colgará unha miniatura do mesmo na cortiza de



todas as aulas ou nalgúns corredores. Concretamente, se indicará a ubicación e os responsables dos seguintes recursos:

1. Sala de Orientación.
  2. Despachos de xefatura de estudos e dirección.
  3. Identificación do Coordinador/a de Benestar e Convivencia.
  4. Plan de Convivencia e Benestar.
  5. Equipo de mediación de docentes e alumnado.
  6. Alumnado acompañante.
  7. Punto laranxa.
  8. O recuncho do benestar ou espazo seguro.
  9. Aula de convivencia inclusiva.
- c) Exposición no centro de folletos, trípticos, murais, paneis informativos ou carteis, tanto nas aulas como nos corredores e no vestíbulo do edificio.
- d) Páxina web do centro.
- e) Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo titorial e asembleas.
- f) Foros municipais, institucionais ou de asociacións culturais.

## 9. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Segundo o *Artigo 16 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*:

- A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente Memoria do Plan de Convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar aprobará esta memoria.
- O/A Coordinador/a de Benestar e Convivencia elaborará tamén a Memoria final do seu Plan de traballo.
- Ao Servizo de Inspección Educativa correspóndelle supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do Plan de Convivencia e Benestar do centro e da súas memorias anuais, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.
- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.
- Neste centro educativo establécense os seguintes mecanismos para o seguimento e a avaliación do Plan de Convivencia e Benestar:
  - a) Deberá ser a Comisión de Convivencia a encargada de facer o seguimento do Plan de Convivencia nas súas reunións mensuais e ao final do curso.
  - b) O alumnado mediador e axudante valorará os resultados obtidos coa persoa coordinadora de mediación, concretamente a persoa que ocupa a xefatura do departamento de orientación do centro.



- c) A finais de curso será o equipo directivo xunto co departamento de orientación, o/a coordinador/a de convivencia e benestar e os/as titores/as os que valoren os resultados da convivencia por cursos e grupos, por obxectivos logrados e actividades realizadas.
- d) A Comisión de Convivencia elaborará un Informe final acerca da convivencia. Esta memoria final avaliará a consecución de obxectivos propostos no presente Plan de Convivencia e será preceptivo para a realización de posibles modificacións.
- e) Os resultados compartiranse no Claustro de profesorado, no Consello Escolar e na páxina web do centro.
- f) As modificacións ou achegas propostas ao presente Plan de Convivencia deberán ser trasladadas ao Claustro de profesorado para a súa posterior aprobación no Consello Escolar.
- g) Elaboraranse cuestionarios ou enquisas que avalíen, por parte da comunidade educativa, a eficacia das actuacións previstas no Plan de Convivencia e Benestar.

## 10. ANEXOS

### 10.1. Indicadores para a avaliación anual do Plan de Convivencia e Benestar

CRITERIOS	PUNTUACIÓN (0-10)	OBSERVACIÓNS
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo: 10</i>		
Cumprimento dos obxectivos propostos. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos: 10</i>		
Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente: 10</i>		
Desenvolvemento das actividades desenvolvidas. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i>		
Implicación no plan da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i>		
Funcionamento da comisión de convivencia <i>Moi deficitario: 0 Excelente: 10</i>		
Coordinación dos órganos do centro <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</i>		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa <i>Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</i>		
Existencia e coñecemento de protocolos propios de actuación en situacións de conflito. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		



Existencia e coñecemento de protocolos para á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso <i>Non existen: 0 Existe e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia e coñecemento de propostas para favorecer a inclusión e o éxito académico. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Valoración global da situación da convivencia escolar. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		

### Indicadores de logro facilitados polo Servizo de Inspección Educativa

Cd	INDICADOR	S/R/N
01	Tivéronse en conta na súa elaboración as directrices do Consello Escolar para a elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro (foron solicitadas e impulsadas)	
02	Tivéronse en conta na súa elaboración posibles propostas do claustro (foron solicitadas e impulsadas)	
03	Foi elaborado pola Comisión de Convivencia, ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo.	
04	Foi aprobado pola dirección do centro (consta dilixencia da súa aprobación)	
05	Integra o principio de igualdade entre mulleres e homes	
06	Fixa claramente as funcións de xefatura de estudos e dos diferentes órganos de coordinación docente (arts.8º.4 e 9º do decreto que desenvolve a Lei 4/2011)	
07	Contén unha análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro. (art 14º decreto que desenvolve a Lei 4/2011)	
08	Os obxectivos específicos do Plan de convivencia están derivados da análise previa. (art 12º decreto que desenvolve a Lei 4/2011)	
09	Contén a descrición das actuacións, medidas/ progr. que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras. (art 15º decreto)	
10	Concrétase en cada unha das actuacións, as medidas ou dos programas, as persoas ou os órganos responsables, as persoas destinatarias e os procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.	
11	Reflicte as normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.	
12	Establece as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, prevé a súa aplicación, de conformidade co establecido no decreto de desenv. da Lei 4/2011, e demais normativa que sexa de aplicación.	



13	Reflicte as normas específicas para o funcionamento da Comisión de Convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.	
14	Establece mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.	
15	Dispón de estratexias para realizar a difusión do Plan de convivencia. (art 17º decreto que desenvolve a Lei 4/2011)	
16	Fixa e concreta os procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia. (art 16º decreto que desenvolve a Lei 4/2011)	
17	En xeral, cumpre coa estrutura que se fixa no artigo 13º decreto que desenvolve a Lei 4/2011)	
18	Está redactado en galego	

**S = SI** consta e ten a debida concreción e contidos. **R = Consta pero** non ten a debida concreción. **N = NON consta**

**Observacións:**



Data de aprobación do claustro: 07 de novembro de 2024

Data de aprobación do consello escolar: 07 de novembro de 2024

IES Santa Irene